



.....

Xornada

Dereito contra cultura?

Unha relación conflictiva, a debate

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
9 de xuño de 2021



CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL



**Deputación
DA CORUÑA**

Dereito contra cultura? Cultura a pesar/con/grazas a/da man do dereito? Non hai profesional da cultura –do ámbito público, asociativo ou privado– que non experimente no seu quefacer cotián as dificultades da complexa relación que se dá entre o seu ámbito e o marco legal e administrativo que sobre el opera.

Se centramos o foco máis especificamente na acción cultural pública, vemos que a contratación administrativa e as subvencións son, ao tempo, as principais ferramentas e tamén os principais campos de conflito. Para un ámbito e para o outro, a inadecuación do actual marco lexislativo ás lóxicas do campo cultural semella evidente e é orixe da maior parte de problemas que vivimos no día a día xestores e xestoras culturais, profesionais dos diferentes sectores, entidades e persoal das secretarías e intervencións das administracións públicas.

Que o título desta xornada, á mantenta provocador, non chame a engano. Esta é unha xornada coa que buscamos incentivar unha mirada diferente: fuxindo do memorial de agravios e da extensión da queixa, queremos un cambio de enfoque. Partir do que hai para nos corresponsabilizar, desde os dous ámbitos, e avanzar en dous aspectos: o primeiro, en buscar solucións operativas que simplifiquen os procedementos administrativos e en poñer en común lecturas e interpretacións que axuden a desatar os nós máis conflictivos; o segundo, reflexionar conxuntamente para comezar a definir as mudanzas lexislativas que se revelen precisas para facilitar o desenvolvemento do campo cultural en Galicia a partir da comprensión da súa especificidade, complexidade, diversidade e natureza pluridimensional.

A través de tres mesas transversais e tres sectoriais, o Consello da Cultura Galega, a Cátedra de Dereito Local da Universidade da Coruña e a Deputación da Coruña organizamos esta xornada coa intención de impulsarmos unha liña de traballo que entendemos que vai ser de especial importancia nos vindeiros anos.

Programa

Sesión da mañá

9:15 horas
Inauguración

9:30 horas
Dereito contra cultura? Problemas e necesidades dunha relación conflictiva

- **Carlos Amoedo Souto**, director da Cátedra de Dereito Local da UdC, secretario xeral da Consellería de Cultura (2005-2009)

- **Isabel Novo Castro**, letrada da Consellería de Cultura

- **Juan Bautista Suárez Ramos**, interventor adxunto da Deputación da Coruña

11:00 horas
Pausa

11:30 horas
As leis sectoriais de contratación pública e propiedade intelectual

- **Marcos Vaquer**, catedrático de Dereito Administrativo, secretario xeral da Universidad Carlos III

- **Reyes Marzal Raga**, profesora titular de Dereito Administrativo, Universitat de València

12:30 horas
Libro e edición

- **Isabel Blanco**, directora da Rede de Bibliotecas Municipais do Concello da Coruña

- **Henrique Alvarellos**, escritor, editor e presidente da Asociación Galega de Editoras

Sesión da tarde

16:00 horas
As subvencións públicas da cultura. Como, para que, para quen?

- **Xavier Marcé**, exdirector do ICIC e concelleiro de Cultura e Industrias Creativas da cidade de Barcelona

- **Miguel Martín**, exdirector do IGAEM/AGADIC e da área de Cultura do Concello da Coruña

17:00 horas
Audiovisual

- **Susana de la Sierra**, profesora titular da Universidad de Castilla La Mancha, exdirectora do ICAA

- **Manuel González**, exdirector da Axencia Audiovisual Galega

- **Felipe Lage**, produtor audiovisual e presidente de AGAPI

18:30 horas
Pausa

19:00 horas
Artes ao vivo

- **Belén Bermejo**, doutora en Dereito e xestora cultural

- **Emi Candal**, directora de Urdime e portavoz da Sectorial de Cultura de Espazocoop

Organiza

Consello da Cultura Galega
Deputación da Coruña
Cátedra de Dereito Local. Universidade da Coruña

Coordina

Carlos Amoedo
Xavier Campos

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado.

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

A xornada será presencial e tamén retransmitida a través do noso web e da nosa canle en Youtube e logo permanecerá na Mediateca para consultas futuras.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:



CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL

